

As comunidades de montes tramitan unha reforma da Lei de Montes Veciñais para garantir os dereitos dos comuneiros

Xosé Carlos Morgade Martínez

Pretenden evitar que a Xunta aprobe unha nova lei que avanzaría na privatización do monte veciñal e no “roubo dos nosos montes”

A Organización Galega de Comunidades de Montes está a promover diante do Parlamento galego unha Iniciativa Lexislativa Popular (ILP) para a reforma da actual Lei de Montes Veciñais en Man Común. Con este fin está a realizar unha recolleita de sinaturas en apoio dun novo texto que garanta os dereitos dos comuneiros e comuneiras sobre o seu monte. A recolleita comezou a primeiros deste ano e o prazo remata a finais do verán. Poden asinar todas as persoas maiores de idade e censadas en Galiza.

O texto presentado foi elaborado ao longo dos últimos dous anos coas achegas de numerosas comunidades e mancomunidades de montes de toda Galiza. Aínda que considera a Lei 13/89 de Montes Veciñais como axeitada á realidade histórica do noso país, pretende mellorar algúns aspectos da normativa actual e nomeadamente reforzar algúns principios xa contidos na lexislación vixente pero que precisan de maior concreción e precisión.

Entre os obxectivos que pretende a Iniciativa Lexislativa Popular podemos citar:

- O recoñecemento da titularidade veciñal como unha mais, distinta e en pé de igualdade coas titularidades



Nos vindeiros meses o parlamento galego tramitará a Iniciativa Lexislativa Popular presentada polas comunidades de montes.

- pública e privada. A Constitución española non recoñece a titularidade comunitaria (o que si fai a portuguesa) como propiedade diferenciada, senón que a recolle como propiedade privada colectiva, con algunhas características propias da titularidade pública (inalienabilidade, imprescritibilidade, inembargabilidade e indivisibilidade). Preténdese abrir o debate sobre a necesidade deste recoñecemento como medio de protexer estes bens.
- O reforzo do carácter xermánico dos montes veciñais en man común. As características propias do monte veciñal derivan do seu carácter xermánico, distinto da concepción romana da propiedade, que rexe no ordenamento xurídico español. O reforzamento deste carácter salientaría aínda máis a inalienabilidade destas terras e a súa vocación de permanencia ao servizo das comunidades de veciños.
- O mantemento da exigencia da veciñanza como único requisito para ter a condición de veciño/a comuneiro/a. O poder de decisión sobre o uso e os dereitos sobre o aproveitamento do monte veciñal corresponden legalmente aos habitantes da aldea ou parroquia onde está o monte. Ninguén máis (sexa administración, empresa ou particular) ten dereito sobre o monte veciñal. Este principio está no cerne da xestión histórica do comunal de Galiza.
- O mantemento do principio de que todos os usos e aproveitamentos actuais ou futuros do montes veciñais corresponden os comuneiros e comuneiras. Os aproveitamentos estratéxicos (enerxía, minas, infraestruturas, equipamentos públicos...) deben ser considerados usos temporais e respectar a titularidade dos veciños e os seus dereitos ao



Os comeneiros e comeneiras son os únicos donos do monte. En asemblea deciden sobre o seu uso, pero non poden vendelos.

aproveitamento das súas terras. A compatibilidade dos dous dereitos (uso público e titularidade comunitaria) debe regularse mediante acordos de cesión temporal e sen recorrer a expedientes de expropiación.

- O fomento dun monte veciñal multifuncional e sustentábel, axustado aos intereses da veciñanza comuneira e da sociedade galega no seu conxunto. As necesidades da poboación titular do monte debe ser o primeiro fin dos terreos veciñais, antes que as visións industriais e os modelos de explotación económica capitalista, que en todo caso deben respectar o dereito dos comeneiros e comeneiras a decidir sobre as súas terras.

O potencial dos montes veciñais

Os montes veciñais en man común ocupan máis de 700.000 has, o que supón case a cuarta parte do territorio galego. Constitúen unha titularidade de carácter xermánico, o que vén conformar unha titularidade singular de Galiza fronte ao ordenamento xurídico español, de procedencia romana. Por iso os montes

veciñais son posuídos e xestionados pola veciñanza comuneira, entendida, non como un ente administrativo, senón como un grupo social.

A ILP presentada no Parlamento galego pretende alancar cara a un modelo sustentable de monte veciñal, cunha posta en valor que integre as funcións produtivas coas sociais e ambientais, e un funcionamento das comunidades de montes que garanta a soberanía dos comeneiros e comeneiras na súa xestión.

A sustentabilidade ten como fin acadar un desenvolvemento económico e social respectuoso co medio ambiente e promovendo como primeiro obxectivo a mellora da calidade de vida para as persoas da contorna. O concepto da sustentabilidade conxuga territorio, persoas e gobernanza. Isto coincide de cheo co funcionamento das comunidades de montes.

Organismos internacionais como a ONU, a FAO e a Unión Europea recomendan que, para unha xestión sustentable dos montes cara ao futuro, se avance cara a unha tenza mais xusta destes territorios, evitando a súa acumulación en poucas mans; e tamén se avance en dar protagonismo aos

titulares dos montes na súa posta en valor. Isto tamén coincide de cheo co funcionamento das comunidades de montes.

Xa que logo, o modelo de xestión dos montes veciñais en man común non é unha reliquia do pasado para gardar nun museo etnográfico, senón un modelo de sustentabilidade experimentado durante séculos, e con moito futuro. Ten demostrado sobradamente a súa capacidade de adaptación e resiliencia en cada tempo para cubrir as necesidades da poboación e economistas de todo o mundo (como Elinor Ostrom, premio Nobel de economía en 2009) teñen salientado o seu papel como modelo sustentable de cara ao futuro. Pola súa extensión, dimensións e potencial, o monte veciñal debería ser o motor da política forestal de Galiza, unha política que debería ser moito máis sustentable que a actual.

O modelo da Xunta de Galiza

Malia a todo o exposto, a Xunta de Galiza hai décadas que se empeña en camiñar na dirección contraria. Dende hai anos no Parlamento galego vén modificando periodicamente aspectos da Lei de Montes Veciñais actualmente vixente. A Lei de Montes de Galiza de 2012 eliminou a función tutelar que obrigaba á administración galega a defender a integridade e fins do monte veciñal e cada ano se aproban novas normativas para burocratizar a xestión das comunidades de montes e equiparalas coas empresas privadas. O obxectivo das modificacións sempre van no mesmo sentido: dificultar a xestión das comunidades de montes e entregarlle os montes veciñais a terceiros por períodos de 50 anos.

Nestes momentos esta en consulta pública unha proposta da Consellaría do Medio Rural para a elaboración dunha nova Lei de Montes Veciñais que supón un paso definitivo na desnaturalización e privatización do monte

veciñal. Desta vez xa non son medidas parciais, senón que ataca mesmo o cerne da propia natureza do comunal de Galiza para sacalo da xestión dos comuneiros e comuneiras e introducir a xestión privada.

O borrador (que a Xunta de Galiza mantén oculto) pretende directamente a muda das características de titularidade xermánica para proceder a súa privatización. Presenta a introdución da posibilidade de ser comuneiro, non soamente as persoas físicas, senón tamén as persoas xurídicas que teñan relación co monte veciñal. Isto quere dicir que poderían ser comuneiras entidades como as empresas da parroquia, e mesmo as que non sexan da parroquia pero fagan algún traballo no monte veciñal.

Nunha titularidade de carácter xermánico, o concepto de veciño/a comuneiro está ben definido e ademais en Galiza está sustentado por unha extensa xurisprudencia. Soamente poderán obter a condición de veciño/a comuneiro/a as persoas que viven no lugar, aldea ou parroquia no que existe monte veciñal, tradicionalmente un representante por cada casa. O modelo posibilita que os veciños de cada zona, reunidos en asemblea, decidan os usos e aproveitamentos dos seus montes do mellor xeito en cada caso e en cada tempo segundo as súas necesidades, sen interferencias de fóra. Modificar este concepto forzando a entrada de entidades alleas aos intereses da veciñanza comuneira amosa unha clara intención de deformar este concepto, manipulando a composición das asembleas e introducindo intereses distintos aos dos propios veciños. Constitúe un claro ataque ao alicerce mesmo do modelo histórico de funcionamento das comunidades de montes.

O mesmo calado e gravidade ten outra das reformas que se pretenden introducir coa intención de dotar de

personalidade xurídica ás comunidades de montes. Actualmente as comunidades están dotadas legalmente de plena capacidade xurídica para a xestión das súas terras, pero non poden allealas. Isto quere dicir que os comuneiros e comuneiras poden tomar calquera decisión sobre os seus montes veciñais, menos unha: non poden vendelos, porque son inalienables. Os montes veciñais están fóra do mercado, porque deben estar sempre ao servizo dos veciños que en cada tempo vivan na zona. Dotar ás comunidades de montes de personalidade xurídica significa asemellalas a empresas, convertendo os montes no seu capital, as xuntas reitoras en consellos de dirección e as asembleas de comuneiros en xuntas de accionistas. Están claras as intencións da Xunta de Galiza.

A esta cuestión refírese (sen específico) a Xunta cando fala de que o seu borrador de nova Lei de Montes Veciñais tenta **harmonizar a normativa dos montes veciñais de Galiza coa normativa do Estado**. O non recoñecemento da Constitución española da titularidade comunitaria obriga a considerar aos montes veciñais como propiedades privadas. O recoñecemento

do carácter xermánico obriga a outorgarlle as características históricas que sempre tiveron: inalienabilidade, imprescritibilidade, inembargabilidade e indivisibilidade. Deste xeito se lles recoñece a súa vocación de permanencia cara ao futuro. Harmonizar a lexislación dos montes veciñais coa do Estado español, onde os comunais que aínda existen son propiedade municipal, significa que os montes veciñais pasarán a ser públicos ou propiedades privadas de particulares, pero non dos veciños.

Todos estes cambios, e outros de menor gravidade contidos no borrador oculto da Consellaría de Media Rural, significan un ataque á natureza histórica do monte veciñal de Galiza, un cambio profundo na titularidade das terras da cuarta parte do noso territorio (fálase dunha nova Desamortización) e outro intento de espolio dos montes dos veciños. A Organización Galega de Comunidades de Montes pretende evitalo presentando o modelo de lei que necesitan os comuneiros e comuneiras de Galiza, o máis beneficioso para o noso país, e non descarta chamar á mobilización contra o que cualifica como “novo intento de roubo dos nosos montes”.



A xestión do monte veciñal mellorou moito coa constitución das comunidades de montes. Pero o monte veciñal non ten como único uso a produción forestal.